

**INFORME CLIMATOLÓXICO
MES DE XULLO DE 2017**



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	7
5	TEMPERATURA	11
5.1.	Temperatura media das máximas.	11
5.2.	Temperatura media das mínimas.	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2017.	17
6	PRECIPITACIÓN	18
6.1.	Precipitación acumulada mensual xullo 2017	18
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	19
6.3.	Días de chuvia en xullo de 2017	20
6.4.	Evolución da precipitación en xullo de 2017	22
7	VENTO	23
8	RADIACIÓN SOLAR	26
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual	26
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal.	27
9	RAIOS	28

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 8/08/2017



Mes cambiante, con tendencia xeral a seco e cálido.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.

2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de xullo estivo caracterizado por cambios bastante bruscos debido á presenza de aire frío no Atlántico norte que foi quen de achegarse por momentos á Comunidade e deixar xornadas de inestabilidade. Así, comezou cunha situación intermedia de recuperación anticiclónica, logo da inestabilidade rexistrada a finais do mes anterior, polo que no primeiro día tivemos aínda os ceos parcialmente anubrados e algunhas chuvias febles na primeira metade da xornada.

Sen embargo as altas presións predominaron xa o día 2, deixando tempo seco e con ascenso de temperatura. Pero como logo sucedeu repetidas veces ao longo do mes, esta melloría non foi moi prolongada, debido á presenza de aire frío en capas medias e altas da atmosfera e se estendeu soamente ás xornadas do 3 e do 4, cando tivemos sol e forte sensación de calor, con máximas que en puntos da metade sur superaron os 35°C de máxima, motivando avisos amarelos por temperaturas máximas nesas xornadas.

O día 5 foi unha xornada de transición con aire frío en altura achegándose a Galicia, para deixar unha atmosfera moi inestable nas xornadas do 6 e do 7 cando os avisos amarelos foron por tormentas. As treboadas foron particularmente intensas en puntos da provincia de Ourense e sur de Pontevedra nesas dúas xornadas, facendo que as chuvias acumuladas fosen equivalentes ás que se poderían rexistrar durante todo o mes.

Nas xornadas do 8 e o 9 a zona de aire frío en altura desprazouse cara ao interior da península Ibérica e Galicia quedou nunha área intermedia entre altas e baixas presións, con dúas xornadas en xeral secas, pero con néboas e algunhas nubes en puntos do litoral.

O período entre os días 10 e 17 estivo caracterizado pola estabilidade, aínda que con diferenzas, xa que nos primeiros días dese período aínda tivemos algúns momentos de nubes, pero a partir do día 14 as altas presións foron capaces de achegar aire cálido dende o sur e polo tanto as temperaturas foron moi destacadas, principalmente nas xornadas do 15 e 16 cando algúns puntos de Ourense superaron os 40°C e a metade sur de Galicia superou con facilidade os 35°C.

O día 17 foi xa de transición, con nubes, néboas e notable baixada das temperaturas no litoral atlántico e este cambio de tempo estendeuse ao resto da Comunidade na xornada do 18.

O día 19 rexistramos o paso dun sistema frontal, que deixaba chuvias febles pola mañá, estabilizándose a atmosfera pola tarde. Os días 20 e 21 foron de situación intermedia, sen chuvia, pero con algunhas nubes e temperaturas suaves e o día 22 sufrimos o paso dun novo sistema frontal que deixou unha mañá de nubes e chuvias bastante xeneralizadas, pero a cambio unha tarde de sol e temperatura agradable.

Nos últimos 10 días do mes o tempo foi moi cambiante, posto que Galicia atopouse entre a influencia das altas presións de Azores e as baixas que se localizan no Atlántico norte. Deste xeito, os días 23 e 24 foron entrando as nubes dende o norte, deixando ceos anubrados, pero apenas chuvia, mentres que o 25 e o 26 tivo un predominio do anticiclón máis claro, polo que a situación en xeral foi de sol e temperaturas propias da época estival.

Sen embargo as xornadas do 27, 28 e 29 estiveron caracterizadas de novo pola influencia das baixas presións do Atlántico norte, polo que as nubes e mesmo algunhas chuvias febles e intermitentes na tarde do 27 e na xornada do 29 foron protagonistas, mentres que na mañá do 28 abríronse grandes claros. O día 30 comezamos con nubes e algunhas chuvias, pero se foron abrindo claros ao longo da xornada e rematamos o mes cunha xornada de tempo seco con ascenso das temperaturas.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

No mapa de anomalías de presión en superficie (Figura 1) non se destaca ningunha anomalía sobre Galicia, o que indica que o mes comportouse dentro da normalidade climatolóxica, aínda que cómpre destacar a forte anomalía negativa situada en todo o Atlántico Norte que fixo que as incursións intermitentes deste aire cara Galicia deixasen xornadas de temperaturas baixas para a época do ano, quedando polo tanto un mes con fortes contrastes en canto ás temperaturas.

Na Figura 2, móstrase o mapa de anomalías de presión en 500 hPa, lixeiramente positivas na zona de Galicia, o que significa que predominou o tempo seco e estable, quedando un mes de media seco.

Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Xullo-2017.

Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Xullo-2017.

4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



A CORUÑA

	XULLO 2017 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	19.5/19.9	18.9	21.0 (2006)	17.2 (1977)
Tª mínima media	16.8/16.7	15.9	17.6 (2006)	13.8 (1954)
Tª mínima absoluta	14.7/14.5 (día 11)	10.2 (08/07/1978)		
Tª mínima máis alta	18.2/18.0 (día 14/27)	21.0 (14/07/1969)		
Tª máxima media	22.3/23.1	21.9	24.5 (2006)	19.8 (2002)
Tª máxima absoluta	28.0/31.9 (día 4)	34.5 (17/07/2006)		
Tª máxima máis baixa	19.1/20.1 (día 1/8)	14.0 (03/07/1958)		
Precipitación acumulada	8	22-34	100 (1971)	0 (2016)
Días de chuvia (≥1mm)	2	5	22 (1936)	0 (2016)

Comentario: O mes de xullo resultou moi cálido nesta localidade para todas as temperaturas. A precipitación acumulada foi moi inferior ao rango de valores normais, polo que se considera un mes moi seco. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia que foi inferior ao valor climático agardado.

.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2017 Temperatura: 1948-2017

SANTIAGO

	XULLO 2017	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	19.7	19.6	21.9 (1989)	17.6 (2009)
Tª mínima media	14.4	14.4	16.0 (2013)	13.1 (1993)
Tª mínima absoluta	9.2 (día 1)	7.0 (11/07/2002)		
Tª mínima máis alta	18.0 (día 29)	21.9 (22/07/1990)		
Tª máxima media	25.0	24.8	28.5 (1990)	22.1 (2009)
Tª máxima absoluta	34.1 (día 29)	40.3 (20/07/1990)		
Tª máxima máis baixa	19.6 (día 1)	15.8 (02/07/1998)		
Precipitación acumulada	9	25-45	154 (2009)	1 (2016)
Días de chuvia (≥1mm)	5	6	12 (1995)	1 (2016)

Comentario: Mes normal tendo en conta todas as temperaturas. A precipitación acumulada foi moi inferior ao rango de valores normais, considerándose polo tanto, o mes moi seco. Sen embargo, o número de días de chuvia, estivo moi preto do valor climático agardado.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2017. Temperatura: 1982-2017



LUGO

	XULLO 2017	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	20.0	18.8	21.6 (2013)	16.9 (1981)
Tª mínima media	13.9	12.9	15.2 (2013)	11.0 (1993)
Tª mínima absoluta	7.1 (día 21)	4.4 (11/07/2002)		
Tª mínima máis alta	17.6 (día 17)	20.0 (22/07/1990)		
Tª máxima media	26.2	24.7	29.1 (1990)	21.9 (1982)
Tª máxima absoluta	35.0 (día 4)	41.2 (20/07/1990)		
Tª máxima máis baixa	21.9 (día 9)	15.0 (03/07/1985)		
Precipitación acumulada	6	21-29	77 (1983)	0 (1986)
Días de chuvia (≥1mm)	4	4	8 (1983)	0 (1986)

Comentario: Mes moi cálido en xeral para todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, resultando un mes moi seco nesta localidade. Sen embargo o número de días de chuvia é o agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2017. Temperatura: 1981-2017

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	XULLO 2017	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	21.1	20.3	22.9 (2006)	17.8 (1980)
Tª mínima media	15.9	14.7	16.9 (2006)	12.2 (1980)
Tª mínima absoluta	9.3 (día 1)	3.1 (28/07/1969)		
Tª mínima máis alta	19.9 (día 29)	23.5 (04/07/1961)		
Tª máxima media	26.3	25.9	29.4 (2016)	22.7 (1983)
Tª máxima absoluta	35.7 (día 15)	39.0 (07/07/2013)		
Tª máxima máis baixa	21.9 (día 18)	16.2 (20/07/1980)		
Precipitación acumulada	11	22-37	166(1971)	0 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	4	5	11 (1995)	0 (1993)

Comentario: Mes cálido para a temperatura media, moi cálido para as mínimas e normal para as máximas.

Ademais, o mes resultou seco, case no limiar de moi seco, considerando o rango de valores normais para a precipitación. O número de días de chuvia foi moi próximo ao agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2016. Temperatura: 1958-2017



OURENSE

	XULLO 2017	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	23.5	22.5	25.0 (2013)	19.0 (1977)
Tª mínima media	15.5	14.8	17.7 (1972)	13.0 (1974)
Tª mínima absoluta	7.3 (día 1)	6.4 (08/07/1996)		
Tª mínima máis alta	19.6 (día 9)	22.6 (22/07/1990)		
Tª máxima media	31.4	30.2	33.8 (1989)	24.7 (1977)
Tª máxima absoluta	40.0 (día 16)	42.6 (20/07/1990)		
Tª máxima máis baixa	25.3 (día 19)	18.0 (13/07/1982)		
Precipitación acumulada	3	9-19	69 (2009)	0 (2016)
Días de chuvia (≥1mm)	2	3	15 (1983)	0 (2016)

Comentario: Mes moi cálido tendo en conta as temperaturas medias e mínimas e cálido para as máximas.

A precipitación rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase moi seco. O número de días de chuvia está lixeiramente por debaixo do agardado.

*,
 * Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1973-2016. Temperatura: 1972-2017

5 TEMPERATURA

As temperaturas estiveron en xeral preto da normalidade, aínda que cunha lixeira tendencia cara ás anomalías positivas, debido principalmente aos episodios de calor extremo nos primeiros días do mes e no período entre o 16 e o 18. Aínda que houbo bastantes xornadas de nubes e algunhas chuvias non foron días fríos xa que as chuvias viñan acompañadas de ventos do cuadrante suroeste..

5.1. Temperatura media das máximas.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de xullo de 2017.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de xullo para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 24.9 °C. Os valores máis baixos rexistráronse principalmente na Mariña Lucense e Ortegal con valores próximos aos 17 °C e os valores máis altos nas comarcas limítrofes cos ríos Miño e Sil e na comarca de Verín, onde o valor medio de temperatura máxima superou os 30°C.

5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de xullo para o territorio galego foi de 12.9°C, sendo os valores máis baixos os rexistrados na comarca da Limia onde se acadaron valores próximos aos 6.8 °C. Os valores máis altos déronse principalmente na comarca de Vigo, onde se acadaron os 18 °C.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de xullo de 2017.

5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A anomalía da temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de xullo, tendo en conta a media dos valores do mapa, foi de $+0.52$ °C. Debido a presenza de xornadas de gran inestabilidade, como as do 6 e do 7 de xullo, nas que as protagonistas foron as treboadas, que deron lugar a precipitación en forma de pedraza, e tendo en conta o locais e intensas que chegan a ser as condicións meteorolóxicas asociadas, houbo anomalías negativas, con valores de case -1.4 °C por debaixo do normal, na comarca de Fisterra, e na dorsal galega e temperaturas que estiveron ata case 1.7 °C por riba do normal no interior da provincia de Lugo e puntos do leste de gran parte da provincia Ourense.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de xullo respecto ao período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ó período climático 1981-2010. As anomalías máis altas da Comunidade déronse principalmente nas comarcas de Verín, Sarria e Lems (Táboa 1) e as máis baixas que mesmo chegaron a -1 °C, producíronse claramente nas localidades pertencentes á Costa da Morte (Táboa 2).

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Gondomar	Pontevedra	1.6
Verín	Ourense	1.6
Vilardevos	Ourense	1.5
Triacastela	Lugo	1.5
Lugo	Lugo	1.4
Cambre	A Coruña	1.4
Bóveda	Lugo	1.4
Páramo (O)	Lugo	1.4
Riós	Ourense	1.4
Sarria	Lugo	1.4

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de xullo de 2017.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Aranga	A Coruña	-1.0
Fisterra	A Coruña	-0.7
Muxía	A Coruña	-0.7
Camariñas	A Coruña	-0.6
Corcubión	A Coruña	-0.6
Curtis	A Coruña	-0.6
Cee	A Coruña	-0.6
Laxe	A Coruña	-0.5
Ponteceso	A Coruña	-0.5
Carnota	A Coruña	-0.4

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de xullo de 2017.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de xullo de 2017 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. A xornada do día 16 deixou en Galicia valores por riba dos 30 °C en moitas localidades tanto por riba como por debaixo dos 1000 m de altura.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xullo de 2017				
<u>por debaixo</u> dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
16/07/2017	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	40.6
16/07/2017	A Portela	Vilamartín de Valdeorras	Ourense	40.1
16/07/2017	Ourense	Ourense	Ourense	40.0
16/07/2017	Ourense-Estacións	Ourense	Ourense	39.6
15/07/2017	Remuíño	Arnoia	Ourense	39.6
16/07/2017	As Petarelas	Rubiá	Ourense	39.2
16/07/2017	Verín-Vilela	Verín	Ourense	38.8
04/07/2017	San Clodio	Ribas de Sil	Lugo	38.5
03/07/2017	Cequeliños	Arbo	Pontevedra	38.4
16/07/2017	Larouco	Larouco	Ourense	38.4

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xullo de 2017 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xullo de 2017				
<u>por enriba</u> dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
16/07/2017	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	34.7
16/07/2017	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	33.4
16/07/2017	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	32.4
16/07/2017	Corzos	A Veiga	Ourense	32.3
16/07/2017	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	31.9
16/07/2017	Xurés	Muíños	Ourense	31.4
16/07/2017	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	30.5
16/07/2017	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	29.9
16/07/2017	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	27.8
16/07/2017	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	27.8

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xullo de 2017 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de xullo de 2017 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Neste mes destaca a primeira xornada con valores que na alta montaña nalgúns casos roldan os 0 °C. Este día 1 e o 21 foron os que rexistraron as temperaturas máis baixas en Galicia..

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xullo de 2017				
<u>por enriba dos 1000m de altitude</u>				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
01/07/2017	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	0.0
01/07/2017	Xares	A Veiga	Ourense	0.1
01/07/2017	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	0.7
21/07/2017	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	2.3
01/07/2017	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	2.6
01/07/2017	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	3.0
01/07/2017	Ancares	Cervantes	Lugo	3.0
01/07/2017	Corzos	A Veiga	Ourense	3.1
01/07/2017	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	3.9
01/07/2017	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	4.0

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xullo de 2017 altitude superior a 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xullo de 2017				
<u>por debaixo dos 1000m de altitude</u>				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
02/07/2017	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	1.2
21/07/2017	Lanzós	Vilalba	Lugo	1.7
21/07/2017	Mouriscade	Lalín	Pontevedra	3.5
21/07/2017	Sambreixo	Guitiriz	Lugo	3.7
02/07/2017	Baltar	Baltar	Ourense	3.8
01/07/2017	Riós	Riós	Ourense	4.2
01/07/2017	Fontaneira	Baleira	Lugo	4.9
01/07/2017	Entrimo	Entrimo	Ourense	4.9
21/07/2017	Melide	Melide	A Coruña	5.0
01/07/2017	Serra do Faro	Rodeiro	Pontevedra	5.2

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xullo de 2017 altitude inferior a 1000m.

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2017.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2017 para esta serie foi 20.3 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2017 para xullo.

A anomalía media da temperatura para este mes de xullo en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de 0.62 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como cálido. Isto debeuse tanto as máximas como as mínimas que tamén resultaron cálidas con anomalías da mesma orde de magnitude . No mes de xullo de 2016, acadouse xa, unha anomalía positiva maior ca este ano.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en xullo, respecto ó período 1981-2010.

6 PRECIPITACIÓN

As chuvias foron escasas mesmo para un mes de xullo, a pesar de que o número de días de chuvia estivo dentro da normalidade, o que quere dicir que as chuvias deses días foron en xeral moi febles e case nunca xeneralizadas nin persistentes. A única excepción atopámola en puntos do sur onde as treboadas do días 6 e 7 si deixaron cantidades moi apreciáveis de precipitación.

A chuvia media no mes de xullo obtida a partir dos valores do mapa (figura 8) foi de 14.6 L/m², resultando un mes de xullo seco en xeral. Os valores máis altos foron os rexistrados na comarca da Terra de Celanova, preto aos 75 L/m². Os valores máis baixos acadáronse principalmente á comarca de Valdeorras e Viana, onde a precipitación acumulada foi practicamente nula.

6.1. Precipitación acumulada mensual xullo 2017




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de xullo de 2017.

6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de xullo con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 57 % inferior ao período de referencia 1981-2010. Pódese observar, claramente, o exceso de precipitación que se produciu na Baixa Limia, asociado ás dúas xornadas do mes con máis actividade convectiva (con presenza de pedrazo), superándose o 400% de precipitación por riba do normal nesta zona. O resto da Comunidade presentou valores por debaixo do normal, destacando as mesmas rexións que resultaron con precipitación nula no anterior apartado..




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de xullo de 2017.

6.3. Días de chuvia en xullo de 2017

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m^2) foi de 3.3. Os valores máximos obtivéronse en Ferrol Terra, con valores próximos aos 10 días. Os valores máis baixos, en gran parte da provincias de Lugo e Ourense.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m^2 durante o mes de xullo de 2017.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de xullo. Na táboa 8, pódese apreciar cómo algunhas estacións rexistraron case nun día o valor total de precipitación acumulada mensual. Ademais, estes valores figuran entre os máis elevados do mes.

Precipitacións acumuladas máximas en xullo de 2017			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	76
A Capela	A Capela	A Coruña	49
Gandarela	Celanova	Ourense	49
Xurés	Muiños	Ourense	42
Muralla	Lousame	A Coruña	42
Aldea Nova	Narón	A Coruña	38
Serra da Faladoira	Ortigueira	A Coruña	38
A Gándara	Vimianzo	A Coruña	37
Baltar	Baltar	Ourense	35
Louredo	Mos	Pontevedra	34

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de xullo de 2017.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Gandarela	CELANOVA	Ourense	40	06/07/2017 18:00
Baltar	BALTAR	Ourense	33	07/07/2017 00:20
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	32	29/07/2017 01:20
Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	32	07/07/2017 04:30
Louredo	MOS	Pontevedra	29	05/07/2017 21:10
Xurés	MUIÑOS	Ourense	28	06/07/2017 20:30
Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	23	07/07/2017 02:20
Queimadelos	MONDARIZ	Pontevedra	21	06/07/2017 06:20
Cequeliños	ARBO	Pontevedra	20	05/07/2017 19:10
San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	18	05/07/2017 12:30

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de xullo de 2017.

6.4. Evolución da precipitación en xullo de 2017

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2017, para esta serie, foi 16 L/m². Este mesmo valor acadouse no mes de xullo de 2015, mentres que 2016 foi moito menor.




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2017 para xullo.

A anomalía media das precipitacións para este mes de xullo en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 42 % por debaixo do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como seco, tendo en conta a totalidade da Comunidade. O ano anterior, 2016, foi un dos máis secos da serie histórica.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en xullo, respecto ó período 1981-2010.

7 VENTO

Neste mes de xullo só en Cedeira houbo dúas xornadas nas que se superaron os 100 km/h. Destacan as elevadas porcentaxes de calmas que presentan as estacións.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en xullo				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
15/07/2017	Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	126.8

Táboa 9: Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de xullo.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	74.7	NE	13	<p>INTENSIDADES PONDEADAS Á COA DIRECCIÓN # Lira (1013) # 072017</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) # Lira (1013) # 072017</p>
		Día 15				
Pta. Candieira	Cedeira	126.8	SO	13	<p>INTENSIDADES PONDEADAS Á COA DIRECCIÓN # Punta Candieira (1000) # 072017</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) # Punta Candieira (1000) # 072017</p>
		Día 15				
Malpica	Malpica	69.4	E	7	<p>INTENSIDADES PONDEADAS Á COA DIRECCIÓN # Malpica (1005) # 072017</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) # Malpica (1005) # 072017</p>
		Día 14				
Marco da Curra	Monfero	64.0	SO	11	<p>INTENSIDADES PONDEADAS Á COA DIRECCIÓN # Marco da Curra (1040) # 072017</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) # Marco da Curra (1040) # 072017</p>
		Día 29				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de Xullo de 2017 na provincia de A Coruña.



PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	66.2	E	18		
		Día 4				
Ancares	Cervantes	57.4	NE	13		
		Día 6				

Táboa 11: Resumo vento no mes de Xullo de 2017 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	54.3	O	10		
		Día 15				
Rodicio	Maceda	70.1	NE	12		
		Día 6				



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Gandarela	Celanova	43.7	NO	46		
		Día 4				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de Xullo de 2017 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	56.6	N	14		
		Día 24				
Ons	Bueu	69.8	NO	4		
		Día 14				

Táboa 14: Resumo do vento no mes de xullo de 2017 na provincia de Pontevedra.

8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de xullo de 2017.

8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou neste mes de xullo 4236 raios, destacando os rexistros do día 6 e 7, onde as treboadas, viñeron acompañadas de fortes chuvias e de pedrazo (figura 15). A meirande parte dos raios rexistráronse na provincia de Ourense, seguido da provincia de Lugo, con moita diferenza con respecto as provincias atlánticas, nas que por exemplo, A Coruña tan só detectou 7 raios (figura 16).




Figura 15: Número de raios por día detectados en Galicia en Xullo de 2017.




Figura 16: Número de raios por provincia detectados en Galicia en Xullo de 2017.

Na figura 17, pódese ver o total de raios rexistrados en xullo en Galicia dende o ano 2010 ao 2017. Nesta gráfica pódese observar que o valor rexistrado é moi similar a os dous anos anteriores a este 2017, que aínda así defire moito do valor máximo acadado en 2010.




Figura 17: Número total de raios rexistrados en xullo dende 2010 a 2017.

MeteoGalicia
Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático
Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.
Xunta de Galicia



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2017 Mes: 7

Provincia Estación	T ^o C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max		Día	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max		Día	Med. hPa	Choiva
A Coruña																										
A Gándara	16.2	20.04	30.8	4	13.3	10.7	1	36	8.5	19	-69	87	98	69	43	202	1918	18	71	29	971	12	0			
Aldea Nova	17.5	21.52	32.8	4	14.2	10.8	21	38	6.2	27	-71	85	97	68	38	178	1755	7	59	16	986	14	0			
Arzúa	18.3	24.83	34.1	3	12.7	6.1	21	10	3.6	22	-132	81	98	57	56	259	2251	7	47	18	975	7	0			
Camariñas	18.0	19.88	26.6	4	15.9	12.1	11	1	1.4	19	-123	82	90	71	52	242	2162	18	92	14	1017	1	0			
Cariño	18.8	21.09	26.4	29	16.5	13.2	21	13	3.6	10	-105	85	95	73	43	202	1988	14	64	29	1018	9	0			
Cespoñ	20.3	26.24	34.3	3	15.2	9.4	1	30	16.0	19	-135	77	95	55	60	275	2289	8	39	13	1013	5	0			
CIS Ferrol	19.4	23.87	35.5	4	15.7	12.2	21	19	4.5	27	-115	81	97	61	51	239	2069	10	55	15	1015	10	0			
Corrubedo	19.7	24.84	35.0	15	15.6	11.4	1	9	5.5	19	-151	74	90	55	61	280	2360	9	50	15	1014	4	0			
Coruña-Dique	18.5	20.65	27.9	4	16.5	13.4	11	5	2.4	27	-	81	92	70	-	-	-	15	64	29	1018	4	0			
Coruña-Torre de Hércul	19.3	22.28	28.0	4	16.8	14.7	11	7	4.3	27	-	77	88	64	-	-	-	-	-	-	-	-	5	0		
*Costa	19.3	25.37	34.1	16	14.4	8.9	1	5	2.5	22	-	82	97	60	-	-	-	4	41	10	998	5	0			
*Coto Muiño	17.4	23.18	33.3	3	12.1	7.6	1	27	5.8	29	-	87	99	66	-	-	-	3	36	14	-	11	0			
Fontecada	17.4	22.84	32.8	3	12.8	8.1	11	15	4.5	29	-105	80	94	58	44	206	1902	11	47	13	976	10	0			
*Guísamo	19.0	23.58	34.4	4	15.0	11.4	21	14	5.1	19	-	73	88	56	-	-	-	3	30	29	998	9	0			
*Lesende	19.0	24.42	33.4	16	14.5	9.6	1	25	6.4	29	-120	73	87	54	51	238	2141	4	37	29	998	8	0			
Lira	18.6	22.63	30.8	3	15.1	11.6	1	13	5.2	19	-127	80	94	63	58	270	2245	16	74	15	-	8	0			
Mabegondo	19.2	24.91	35.7	4	13.6	8.7	21	11	3.3	27	-118	80	96	60	47	217	1953	7	45	29	1007	6	0			
Malpica	17.5	21.31	30.5	4	14.7	12.4	11	13	4.0	27	-99	87	98	70	49	228	2035	18	69	14	1000	10	0			
Marco da Curra	15.8	20.66	31.1	4	12.0	8.7	1	14	3.0	19	-100	87	98	68	49	229	2000	13	63	29	944	9	0			
Melide	18.2	25.27	33.8	4	12.1	5.0	21	12	5.2	22	-142	79	97	53	58	268	2392	7	43	29	963	6	0			
Muralla	16.2	20.94	30.4	16	12.2	8.6	1	42	13.8	19	-62	89	100	71	51	235	1953	21	78	13	942	13	0			
*O Val	19.1	23.38	34.7	4	15.0	9.9	21	23	5.4	27	-	80	93	63	-	-	-	4	41	27	1010	10	0			
Olas	17.3	23.01	33.3	4	12.7	7.8	21	16	4.4	24	-97	86	100	63	43	202	1841	9	49	18	-	8	0			
*Ordes	18.1	23.98	34.1	4	12.7	6.7	21	8	2.2	19	-	78	94	57	-	-	-	4	35	29	986	7	0			
*Paramos	17.5	22.81	32.5	3	12.8	8.6	21	17	5.4	19	-	87	100	67	-	-	-	7	62	22	976	10	0			
*Pazo de Galegos	19.7	25.98	35.6	3	14.5	8.8	21	2	2.0	19	-139	80	97	58	51	236	2134	3	24	25	992	2	0			
Punta Candieira	17.4	20.28	33.0	4	15.1	13.2	1	22	4.2	27	-89	87	98	72	47	221	2030	23	126	15	988	13	0			
Punta Langosteira	18.0	19.48	23.7	29	16.2	13.6	21	5	2.4	27	-	77	85	68	51	216	2084	12	74	15	1016	4	0			
Río do Sol	15.8	20.03	31.1	4	12.3	8.7	1	28	4.9	24	-68	90	99	73	40	187	1826	18	66	18	956	14	0			
*Rus	18.6	23.59	35.3	4	13.6	9.9	15	6	1.9	10	-	84	98	65	-	-	-	4	39	29	1003	6	0			
Sálvora	18.5	21.83	30.9	15	16.2	13.4	1	9	3.8	19	-137	83	94	69	66	305	2410	15	58	14	-	7	0			
Santiago-EOAS	19.1	24.98	34.0	3	14.4	9.2	1	8	2.3	9	-128	77	94	56	47	217	2037	7	46	14	988	6	0			
Santiago-San Lázaro	18.4	23.54	33.5	3	14.1	9.6	1	1	1.1	19	-	78	93	58	52	242	2121	10	58	29	982	2	-			
Sergude	19.3	25.62	34.7	16	14.2	8.2	1	7	2.8	22	-	79	96	55	45	207	2002	-	-	-	-	4	0			
Serra da Faladoira	15.5	19.25	30.4	4	12.5	9.3	1	37	9.8	22	-76	81	94	59	39	184	1899	17	77	16	952	13	0			

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2017 Mes: 7

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
Lugo																											
A Pontenova	17.2	22.37	30.6	4	13.7	8.9	1	16	9.2	4	-	84	96	65	38	176	1723	13	63	29	-	-	-	-	8	0	
Abradelo	18.1	25.92	33.0	4	11.9	6.1	21	2	1.4	7	-	73	95	44	65	298	2458	-	-	-	-	-	-	-	4	0	
Alto de Cerredo	16.4	21.6	29.1	4	12.0	6.0	1	14	4.7	6	-	80	96	59	-	-	-	5	40	29	909	-	-	8	0		
*Alto do Faro	16.5	22.37	30.1	4	11.2	6.6	21	9	2.9	9	-	79	98	52	-	-	-	6	36	18	923	-	-	8	0		
*Alto do Poio	15.8	21.01	27.8	16	11.0	3.0	1	9	2.5	7	-	72	94	47	-	-	-	9	50	7	-	-	-	7	0		
Ancares	15.9	21.33	27.5	16	11.2	3.0	1	7	2.4	7	-152	70	94	46	66	304	2430	12	57	6	868	-	-	5	0		
*Borreiros	18.8	23.51	27.8	29	14.5	8.4	21	11	3.1	10	-100	80	94	61	34	159	1686	4	48	29	1011	-	-	7	0		
Bóveda	20.3	28.8	35.8	4	13.3	8.0	1	4	4.4	6	-171	68	92	38	65	301	2467	6	42	7	968	-	-	2	0		
Burela	16.4	19.49	25.8	29	14.1	11.0	1	29	9.8	4	-68	88	96	74	34	160	1680	10	66	4	-	-	-	11	0		
Campus Lugo	19.2	26.19	35.0	4	13.9	7.1	21	5	2.2	22	-148	75	94	48	53	245	2285	7	41	14	972	-	-	4	0		
Castro R. de Lea	18.3	24.97	34.6	4	13.2	6.1	21	3	1.2	10	-	80	95	56	49	227	2041	-	-	-	970	-	-	5	0		
Conchada	19.9	28.52	35.1	16	13.1	6.0	1	11	10.4	6	-	73	97	43	67	310	2668	-	-	-	-	-	-	3	0		
Corno do Boi	16.3	22.38	32.1	4	11.7	7.5	1	13	4.6	19	-113	86	100	61	53	248	2184	12	63	29	-	-	-	9	0		
Courel	18.9	26.88	34.8	16	12.3	5.8	1	3	1.6	7	-170	68	95	39	68	314	2467	7	64	7	930	-	-	3	0		
*Fontaneira	16.5	22.55	30.9	4	11.4	4.9	1	15	4.2	6	-130	82	98	60	56	262	2336	3	36	29	913	-	-	8	0		
Foz	18.3	22.1	30.7	29	14.6	9.2	21	11	3.2	10	-105	82	94	66	39	180	1839	9	58	29	1010	-	-	9	0		
Fragavella	15.8	20.15	31.0	4	11.8	6.3	21	27	13.6	4	-79	90	99	73	44	198	1914	11	67	29	950	-	-	11	0		
Guitiriz-Mirador	16.3	22.27	33.4	4	12.1	8.3	1	15	7.9	22	-106	85	99	60	46	214	2041	10	59	14	940	-	-	9	0		
*Labrada	15.8	20.43	31.0	4	11.9	7.8	21	21	8.0	4	-91	85	97	65	42	196	1935	8	47	29	-	-	-	13	0		
*Lanzós	16.7	23.05	32.8	4	10.5	1.7	21	6	1.7	22	-	82	96	60	-	-	-	3	40	14	963	-	-	7	0		
*Lourenzá	19.1	24.11	30.7	29	14.5	8.3	21	11	3.0	4	-	81	96	63	-	-	-	3	30	29	-	-	-	8	0		
Marroxo	19.3	27.31	34.1	4	13.5	8.1	1	1	0.4	7	-164	71	94	39	56	257	2365	5	35	7	945	-	-	3	0		
*Millara	21.4	30.33	37.7	4	14.7	8.4	1	4	4.1	6	-	67	92	38	-	-	-	7	49	29	-	-	-	1	0		
*Morelle	19.8	28.09	35.4	4	12.8	6.8	21	0	0.4	23	-154	75	97	46	54	248	2245	3	28	6	970	-	-	1	0		
O Cebreiro	16.2	23.57	29.9	16	10.2	2.6	1	11	6.0	7	-149	76	97	53	67	312	2549	12	44	16	873	-	-	7	0		
O Xipro	17.2	23.93	33.3	4	11.9	6.3	1	8	3.3	10	-130	82	100	53	48	222	2214	9	42	29	929	-	-	6	0		
*Olveda	18.0	25.31	35.1	4	11.7	6.8	1	2	0.6	6	-147	81	100	51	59	272	2390	6	33	29	-	-	-	5	0		
Pedro Murias	18.8	21.96	31.4	29	15.6	11.5	21	12	4.9	10	-86	78	88	67	31	144	1437	7	55	29	1013	-	-	8	0		
Penedo do Galo	15.4	18.91	30.2	4	12.9	9.9	1	27	8.5	10	-62	91	100	76	36	170	1746	17	90	29	-	-	-	13	0		
Pol	16.9	23.38	33.3	4	12.3	6.7	1	14	4.9	6	-	82	99	55	53	246	2157	-	-	-	944	-	-	8	0		
Portomarín	19.4	27.75	35.9	4	13.0	6.5	21	12	8.6	6	-	75	98	45	55	254	2078	-	-	-	967	-	-	6	0		
Sambreixo	17.4	24.01	34.1	4	11.3	3.7	21	9	3.0	22	-	79	95	55	50	232	2085	-	-	-	-	-	-	7	0		
*San Clodio	22.5	30.9	38.5	4	14.4	7.3	1	19	17.8	6	-	64	92	36	-	-	-	4	32	20	987	-	-	2	0		
*San Fiz	20.3	27.74	35.6	4	14.4	8.1	1	8	8.2	6	-168	72	93	46	56	258	2491	7	51	24	972	-	-	2	0		
Ventosa	17.1	24.01	31.1	4	11.1	5.5	1	6	2.8	7	-151	76	96	50	62	288	2445	9	46	29	915	-	-	6	0		
*Vilamor	18.6	23.41	29.5	29	14.4	7.8	21	10	5.6	4	-108	77	90	58	37	170	1760	4	33	29	-	-	-	4	0		
*Xabrega	20.9	29.43	36.7	4	14.0	8.2	1	2	1.7	6	-174	65	89	37	57	261	2385	4	42	29	980	-	-	2	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2017 Mes: 7

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
Ourense																											
A Mezquita	19.5	26.78	33.4	16	12.2	6.3	1	5	5.8	6	-200	58	85	34	80	368	2825	10	69	1	904	1	0				
*A Portela	23.2	32.29	40.1	16	14.8	7.0	1	0	0.0	1	-208	56	87	27	74	341	2595	6	37	18	-	0	0				
*A Trabe	20.9	28.02	34.7	16	14.0	6.8	1	0	0.4	6	-206	58	84	34	77	355	2802	5	47	6	929	1	0				
Alto do Rodicio	17.2	23.58	31.8	16	11.7	6.0	1	22	17.3	6	-143	77	98	49	70	323	2666	11	70	6	908	5	0				
Amiudal	19.2	26.57	35.3	16	12.8	7.2	1	15	13.8	6	-161	71	93	45	69	318	2603	10	51	6	955	2	0				
As Petarelas	21.5	31.34	39.2	16	12.5	5.5	1	0	0.0	1	-	61	93	30	77	353	2772	-	-	-	-	0	0				
Baltar	18.4	27.11	34.7	16	9.0	3.8	2	35	33.0	7	-146	68	99	33	74	339	2670	8	51	6	927	2	0				
Cabeza de Manzaneda	13.9	17.87	25.3	16	9.9	0.0	1	4	3.6	6	-166	66	91	34	75	345	2859	17	55	19	829	2	0				
*Calvos	16.8	25.09	34.0	16	7.2	1.2	2	33	31.8	7	-141	74	99	42	72	332	2703	7	44	27	-	4	0				
Casaio	18.0	23.69	30.5	16	12.9	3.9	1	21	14.4	8	-	57	83	35	-	-	-	6	76	6	-	2	0				
*Corzos	17.2	24.71	32.3	16	9.8	3.1	1	0	0.0	1	-	65	92	38	-	-	-	7	46	6	-	0	0				
Entrimo	19.3	26.58	34.5	16	12.6	4.9	1	30	15.5	7	-	71	94	46	66	305	2547	-	-	-	-	4	0				
*EVEGA Leiro	22.0	32.57	40.6	16	13.0	6.6	1	6	5.8	6	-	65	93	33	-	-	-	2	33	29	1004	2	0				
Gandarela	19.5	27.98	34.8	16	13.0	6.8	1	49	39.8	7	-128	73	96	44	69	317	2598	6	43	4	947	4	0				
Lardeira	15.3	20.88	27.8	16	10.7	0.7	1	23	17.2	8	-159	65	88	42	74	342	2755	15	91	6	842	2	0				
*Larouco	21.7	30.2	38.4	16	14.1	7.1	1	0	0.0	1	-	55	81	27	-	-	-	4	33	5	957	0	0				
Laza	21.0	29.75	38.2	16	12.9	8.3	1	8	7.0	6	-187	63	91	32	76	347	2653	7	57	6	-	3	0				
Monte Medo	19.3	26.78	34.3	16	12.6	7.3	21	16	10.6	7	-	71	95	42	66	306	2521	-	-	-	-	4	0				
O Invernadeiro	18.7	27.66	34.7	16	9.6	2.3	21	12	11.9	6	-188	61	88	34	78	360	2844	9	63	6	903	2	0				
Ourense	22.9	31.43	40.0	16	15.5	7.3	1	3	1.6	6	-	58	85	31	-	-	-	-	-	-	-	3	0				
Ourense-Estacións	23.2	31.04	39.6	16	16.3	8.9	1	0	0.4	6	-195	59	83	34	68	313	2536	5	39	18	1003	1	0				
*Pazo de Fontefiz	20.4	27.78	34.6	4	14.1	6.7	1	1	0.5	6	-186	65	87	40	69	318	2586	5	35	7	970	3	0				
*Ponte Boga	20.7	28.61	35.0	4	14.3	7.3	1	3	1.4	6	-184	59	80	33	63	289	2488	5	38	18	964	3	0				
*Prado	22.0	30.37	38.1	16	14.4	8.0	1	8	8.3	6	-	65	90	39	-	-	-	2	31	29	1003	1	0				
Remuíño	21.9	32.11	39.6	15	13.7	6.8	1	21	11.2	6	-153	70	96	38	60	277	2414	3	37	7	-	5	0				
*Riós	20.2	28.58	35.9	16	12.2	4.2	1	0	0.5	6	-184	63	94	34	61	282	2582	3	32	6	-	1	0				
San Xoán de Río	17.7	24.73	32.4	16	11.8	4.1	1	6	3.6	6	-170	74	98	44	74	341	2718	13	43	20	903	4	0				
Serra do Eixe	17.5	24.1	31.9	16	11.6	4.0	1	0	0.2	24	--	67	93	40	--	--	2821	11	64	18	882	3	0				
Verín-Vilamaior	21.7	31.19	38.2	16	13.1	6.3	1	0	0.4	7	-203	61	90	31	74	338	2717	6	56	6	955	1	0				
Verín-Vilela	21.4	31.02	38.8	16	10.7	5.5	2	8	6.8	6	-183	66	98	34	77	352	2689	6	45	23	-	2	0				
Viana do Bolo	19.6	28.17	35.3	16	11.2	6.0	1	0	0.0	1	-182	66	96	36	78	357	2593	7	57	6	922	0	0				
Xares	14.8	19.55	26.2	16	10.1	0.1	1	2	1.0	8	-175	65	90	41	76	351	2825	17	87	6	828	2	0				
*Xinzo	19.6	28.58	36.5	16	11.1	5.2	2	25	22.8	7	-154	74	99	42	70	321	2655	5	43	6	-	2	0				
Xurés	17.9	23.65	31.4	16	12.2	4.5	1	42	27.8	7	-146	69	93	45	77	353	2810	12	54	15	900	4	0				

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2017 Mes: 7

Provincia Estación	T ^a °C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m ²			BHC l/m ²	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días			
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max		Día	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m ²	Veloc. media	Racha max		Día	Med. hPa	Choiva	Xeada
Pontevedra																											
*A Armenteira	18.5	24.1	32.6	3	13.5	7.2	1	25	7.4	29	-118	81	95	62	55	254	2237	5	34	18	-	-	-	6	0		
A Granxa	20.9	28.12	38.0	15	13.5	6.4	1	16	10.2	6	-148	74	97	49	65	298	2418	4	36	23	1013	-	-	4	0		
A Lanzada	19.8	24.82	34.6	3	15.5	9.1	1	9	3.0	19	-151	78	94	59	66	305	2432	15	62	14	-	-	-	5	0		
*Areas	21.2	29.68	38.2	3	14.8	8.4	1	24	14.2	6	-	74	95	47	-	-	-	1	27	18	-	-	-	4	0		
*Areiro	20.0	25.09	33.5	3	15.4	9.5	1	5	3.5	19	-	76	92	59	-	-	-	3	28	25	1009	-	-	3	0		
*As Eiras	20.7	26.74	36.4	3	15.4	8.9	1	10	4.8	19	-156	74	94	51	63	291	2438	3	32	20	1011	-	-	4	0		
*Barrantes	20.0	25.64	33.5	3	14.7	7.4	1	12	4.4	29	--	77	94	59	--	--	1852	3	31	14	-	-	-	6	0		
Cabo Udra	19.3	23.39	32.0	15	16.1	12.1	1	9	2.6	6	-143	81	94	64	63	292	2443	13	50	20	-	-	-	5	0		
Caldas de Reis	19.0	25.46	34.6	3	14.4	9.5	1	17	5.9	29	-144	64	89	36	53	243	2163	8	52	14	987	-	-	7	0		
*Camanzo	19.7	26.34	34.8	4	14.2	7.9	21	1	1.2	9	-147	77	94	53	53	246	2199	4	53	29	994	-	-	3	0		
Cangas-Porto	19.7	23.33	33.5	15	16.7	12.3	1	11	3.5	6	-	76	89	60	-	-	-	9	46	20	-	-	-	5	0		
Castro Vicaludo	17.9	21.6	31.4	15	14.4	9.8	1	27	14.3	6	-119	81	94	63	62	284	2397	11	55	4	963	-	-	7	0		
Castrove	18.5	23.59	32.7	3	14.0	9.7	1	29	10.6	19	-111	79	94	61	56	259	2147	10	68	13	968	-	-	7	0		
*Cequelíños	21.6	29.85	38.4	3	15.2	7.8	1	30	20.0	6	-152	68	92	40	64	292	2428	6	42	18	-	-	-	4	0		
Corón	19.5	23.24	32.1	3	16.6	11.8	1	10	4.4	29	-149	77	90	60	64	295	2441	17	64	14	1016	-	-	4	0		
*Entenza	21.3	28.5	38.3	15	14.8	7.3	1	25	16.6	6	-141	73	96	47	60	275	2387	2	34	29	-	-	-	4	0		
Fornelos de Montes	18.4	23.28	31.3	15	13.8	6.7	1	30	11.0	6	-119	75	92	56	63	288	2229	12	56	24	938	-	-	6	0		
Illas Cíes	19.3	23.2	32.5	15	16.2	12.3	1	7	2.0	19	-143	83	96	67	64	292	2416	9	50	19	-	-	-	5	0		
Lalín	18.2	24.66	32.8	4	12.4	6.9	21	6	2.0	19	-	77	97	50	-	-	-	8	39	29	-	-	-	8	0		
*Louredo	19.2	25.28	34.4	3	14.0	9.1	1	33	28.9	6	-	81	97	60	-	-	-	2	27	6	989	-	-	3	0		
Lourizán	20.6	26.31	35.7	15	15.9	9.3	1	10	4.0	19	-143	80	96	59	59	274	2305	3	31	4	1011	-	-	5	0		
*Meder	21.1	28.44	35.9	3	14.9	8.4	1	19	12.0	6	-	68	89	43	-	-	-	1	25	18	1000	-	-	5	0		
Monte Aloia	18.8	25.03	34.5	3	14.1	9.3	1	28	12.7	6	-126	80	97	59	58	265	2354	7	42	18	962	-	-	4	0		
Mouriscade	18.1	25.33	33.1	4	11.0	3.5	21	11	7.0	9	-145	78	92	59	61	281	2447	5	39	4	960	-	-	8	0		
O Viso	20.0	27.33	37.0	3	14.2	9.3	1	16	6.7	19	-143	74	93	50	58	269	2260	8	47	4	987	-	-	4	0		
Ons	18.5	22.3	30.1	15	15.4	11.8	1	8	2.4	29	-140	84	96	69	68	314	2579	17	69	14	1004	-	-	5	0		
*Pé Redondo	20.1	25.75	34.0	3	15.4	9.5	1	20	6.2	29	-116	79	94	60	51	238	2014	2	37	18	-	-	-	6	0		
Pereira	17.0	22.59	31.2	16	12.0	7.3	1	18	6.6	19	-	83	98	60	59	274	2373	-	-	-	937	-	-	9	0		
*Ponte Caldelas	19.2	24.71	34.0	15	13.5	6.3	1	25	9.8	6	-130	74	91	55	61	279	2289	10	34	23	977	-	-	5	0		
Pontevedra-Campolongo	21.4	27.6	35.5	3	16.4	9.7	1	10	4.5	29	-	71	89	51	-	-	-	3	32	25	-	-	-	5	0		
Queimadelos	20.4	28.15	36.1	15	14.7	9.0	1	32	20.6	6	-111	74	92	50	45	209	2052	1	29	18	975	-	-	4	0		
Rebordelo	18.6	25.05	33.2	15	12.2	5.3	1	26	8.7	19	-	80	98	57	57	263	2167	-	-	-	976	-	-	9	0		
Sanxenxo	20.1	25.14	34.8	15	15.8	11.0	1	12	3.4	22	-145	75	91	56	57	261	2327	5	35	13	1014	-	-	6	0		
Serra do Faro	16.8	22.56	31.1	16	11.8	5.2	1	5	1.6	19	-154	74	95	51	61	283	2451	16	57	29	906	-	-	7	0		
*Simes	20.0	26.11	34.7	3	14.3	9.1	1	12	4.6	19	-136	78	95	57	57	264	2235	1	34	14	-	-	-	5	0		
*Soutomaio	19.9	25.82	35.6	15	14.9	9.4	1	14	4.7	19	-	69	86	49	-	-	-	3	45	22	998	-	-	4	0		
*Torrequeintás	20.3	25.97	34.3	3	15.4	8.5	1	12	4.6	29	-142	69	85	50	55	256	2183	4	34	18	1010	-	-	4	0		
*Tremoedo	20.1	25.31	34.2	3	15.4	8.9	1	5	4.2	19	-	70	86	52	-	-	-	4	36	24	1010	-	-	2	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.
--Non hai datos
- Non se mide este parámetro nesta estación.

Vigo	20.3	24.94	34.7	15	16.0	11.1	1	11	3.9	6	-	74	90	56	-	-	-	-	-	-	6	0	
Vigo-Campus	18.5	22.47	32.1	15	14.7	10.1	1	26	15.7	6	-136	76	93	56	66	304	2502	6	41	18	965	6	0
Xesteiras	16.2	20.73	30.5	4	12.3	7.8	1	76	31.6	29	-	82	96	62	-	-	-	22	82	14	-	15	0

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.